



SOLEDAD GARCÍA / Escritora

SOLEDAD DE NIGRÁN



Facémolle unhas preguntas a Soledad, defensora do medio ambiente que reflexa este compromiso nos seus libros.

Bárbara Fernández / Nigrán.

Soledad García é unha escritora e poeta nigranesa cunha obra caracterizada polo seu compromiso na defensa do idioma galego, do medio ambiente e do patrimonio da comarca do Val de Miñor e de Vigo. Autora de once libros infantoxuvenís.

De pequena querías ser escritora? De pequena eu quería ser moitas cousas. Escritora, en concreto, non o lembro. O que si lembro era que quería ser profe, xinete, e mesmo astronauta.

Cal é o libro que máis che gustou escribir? A verdade que é unha pregunta complicada, porque cada un dos meus libros ten unha historia. Pero se teño que escoller, "Samagostín" vai a ser o meu elixido. Samagostín é un nome que empregan no cole da miña filla, mestura o Samaín co Magosto. De feito, pedín permiso para empregar este nome no título e o libro homenaxea ao colexio Humberto Juanes e o Co-va Terrefia que facían 50 anos. É un libro para perder os medos que moitos senten nas datas de Samaín.

Cal foi o premio que máis ilusión che fixo gañar? Texto Podo escoller dous? Si. Un é APOSIOPESE, que inclúe as "As palabras son cinzas por soprar", premiado en dous certames de poesía, no "Leiras Pulpeiro" e no "Manuel Oreste Rodríguez López". O poemario é unha homenaxe o meu pai, que era un afeccionado apicultor. Na portada está unha abella e no medio do libro hai "aposiotempos", que son como pasatempos para aprender do oficio de albanel e do oficio de apicultor. E ten un corazón dividido

con eses dous oficios. Gañei competindo con 879 obras!

O outro é "Un paseo polo Nadal de Vigo", a miña última obra, que foi Premio Exeria este verán. Exeria é a primeira muller escritora galega, do ano 380, que sabía escribir en latín e grego.

Estás traballando nalgún novo proxecto? Pois si. A cheminea dos soños leva un mes acendida. Estiven creando unha "Cociña de Contos"! Agardo que pronto poidan desfrutala todas e todos os nenos de Nigrán. Tamén teño en marcha un proxecto moi inclusivo, pero non podo contarche máis. E este mes vou enviar a concurso tres libros novos!

A que idade escribiches o teu primeiro libro? Cando a miña nena tiña dous anos escribín un libro moi especial porque ela quería ir a ver os animais ao zoo e eu non quería. Díciálle que os animais non tiñan que estar engaiolados. E xusto este outono foi presentado no Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Chámase "Zoo libre", é audiolibro e ten unha gaiola para xogar.

Ademais de facer libros infantís e poesía pensaches en facer libros para adultos? Si, de feito, os meus libros son para todos os públicos, sobre todos os paseos literarios, como Un paseo por Nigrán, Baiona, Gondomar e Vigo. Pero se te refires a unha novela si que me gustaría, máis agora estou coa literatura infantil e a poesía que son os xéneros que máis me gustan.

O teu traballo actual inflúe para que escribas literatura relacionada coa natureza? Non, especialmente, máis si

creo que axuda. Eu traballo en Medio Ambiente na protección das praias, dos humedais, dos animais, de que non haxa ruído nin vertidos nos ríos, e por suposto, na miña escrita achego conceptos ambientais.

Canto tempo tardas en escribir un libro? Esta si que é unha pregunta complicada. Porque son moi inquieta, e traballo con varios proxectos á vez. Aproveito todo o tempo libre que podo, e depende do tipo de libro lévame máis ou menos tempo. Por exemplo, Un paseo por Gondomar, no que visitei todo o municipio que ten 75 km cadrados, e saíume unha ruta de 75 km lineais, levoume medio ano a full.

De onde sacas a inspiración? Especialmente da miña filla, porque o meu primeiro libro trata dunha serea. Cando era pequena quería converterse nunha serea e eu fixen que iso fose posible co libro de "DEDAS". Despois ela medraba como medran as dedas dos pés así que seguí escribindo pero xa cun compromiso ambiental moi forte: visibilizar o verxel e a fauna de Nigrán e a recuperación do mosaico do muxe milenar de Panxón que estaba en New York, defender os garraños da Serra da Groba que estaban ameazados por parques eólicos e mesmo protexer as terras raras da Serra do Galiñeiro. Ou o último, "URCO unha historia reciclada" que é un libro que forma parte dunha campaña de adopción dos animais abandonados.

Gústache máis escribir en solitario ou en conxunto con outras escritoras? En solitario é



Bárbara y Soledad. / FOTO BÁRBARA

mellor, porque estás ti cos teus pensamentos. En conxunto tamén podo crear, en obradoiros de poesía, pero é moito máis difícil.

Onde che gusta máis traballar? Na miña casa teño un estudio rodeada dos meus cadros e dos que me fixo a miña nena e aí escribo todas as historias no ordenador, e tamén pinto os borradores dos personaxes.

Gústache máis imaxinalas historias ou escribilas? Por igual. Encántame imaxinar historias e teño moitísimas ideas de libros novos, pero o que máis me gusta é facelos realidade, así que teño que escribir, e ese proceso creativo é duro pero moi lindo.

Cando eras pequena cal era o teu conto favorito? "Brancaneves" porque foi un momento moi especial da miña vida. Eu estaba moi enferma no hospital, tiña dous anos, e lembro que a miña tía agasalhoume con ese libro. De feito, case o sei de memoria.

Quen é o teu escritor favorito? Non teño escritor favorito, porque eu aliméntome das per-

soas que loitan pola defensa dun mundo mellor, máis que de escritores. Por exemplo, a min gústame Jane Goodall, pola súa incansable defensa dos chimpancés, a defensa da vida e igualdade de Gandhi, o compromiso coa secuoia de Julia Butterfly, a igualdade de xénero e dereitos humanos de Simon de Bou, a protección do lobo de Félix Rodríguez de la Fuente, etc etc.

Cantos libros tes neste momento? E os títulos? Pois 28 libros, 14 libros individuais e 14 libros colectivos con outros autores. Os títulos son DEDAS, Un paseo por Nigrán, Un paseo por Baiona, Un paseo por Gondomar, POEMARCOVIDA, A walk in Baiona, APOSIOPESE, URCO unha historia reciclada, SAMAGOSTÍN, ZOO LIBRE, O camiño de Perséfone, VER-SOS E ABELLAS para salvar o planeta, Herbario do solsticio de verán e Un paseo polo Nadal de Vigo.